



XUNTA DE GALICIA
CONSELERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Rúa Joaquín García Álvarez, 16 – 17
36636 Barrantes Ribadumia (Pontevedra)
Tel.: 886 151636 Fax: 886151643

C.P.I. JULIA BECERRA MALVAR

MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR. CURSO 2021/2022

CENTRO: CPI JULIA BECERRA MALVAR
DATA: 04.04.22



C.P.I. JULIA BECERRA MALVAR

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.



C.P.I. JULIA BECERRA MALVAR

ÍNDICE

- 1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado.**
- 2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria) e matriculas de honra (ESO/BAC)**
- 3. Aprobación e publicidade da modificación da concreción curricular.**



C.P.I. JULIA BECERRA MALVAR

1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado.

Segundo a Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

1.1. Criterios para o tratamento de materias pendentes.

ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

O alumnado de educación secundaria obrigatoria que promocióne de curso con materias pendentes deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno ten pendente, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor.

Terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Este plan adaptarase ás particularidades de cada unha das alumnas e dos alumnos destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou alumno.

O Plan de Reforzo deberá incluír, os aspectos contemplados, segundo o disposto no Artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de setembro de 2021, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do Plan de Reforzo, e de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan.

Na sesión de avaliación final do curso no que está escolarizado o alumnado, o profesorado da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación.

Para superar a materia pendente, o alumnado deberá obter avaliación positiva no Plan de Reforzo (ANEXO I) correspondente, o que se terá en conta aos efectos de promoción e /ou titulación.



C.P.I. JULIA BECERRA MALVAR

1.2. Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa.

Segundo a Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación das ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Art. 6.1. Promoción en Educación Primaria:

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de maneira colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

***Polo tanto:**

- Establecer criterios de promoción. (ANEXO II)
- Ao finalizar os cursos 2º, 4º e 6º; tendo en conta.
- Toma de decisións:
 - Xeito colexiado.
 - Tendo en conta criterios de promoción establecidos.
 - Consideración da información e o criterio do profesorado titor.
- O alumnado que promocioe de curso con algunha área con cualificación negativa. Apoios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
- O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso (só unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal):
 - Plan de reforzo. (ANEXO III)
 - No resto dos cursos (1º, 3º e 5º) a promoción será automática.

Art. 8 Promoción en Educación Secundaria Obrigatoria:

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos



C.P.I. JULIA BECERRA MALVAR

obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a **promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias**, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes, **simultaneamente:**

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

Para a avaliación destes criterios, a nivel de centro, se elabora documento, ANEXO II, a cumprimentar na sesión de avaliación final.

***Polo tanto:**

- Todo aprobado.
- 1 ou 2 suspensas (tamén computan as de cursos anteriores)
- Máis de 2 materias suspensas si se cumpren todas as condicións seguintes, (ANEXO II):
 - Media igual ou superior a 5
 - Non superadas permite seguir con éxito o curso seguinte.
 - Expectativas favorables de recuperación.
 - Consideración de que a promoción beneficia a evolución académica.
- Repetición medida excepcional. 1 soa vez no mesmo curso e 2 no ensino obrigatorio. Excepcionalmente, 1 repetición a maiores en 4º ESO. Realización dun Plan Específico Personalizado para o alumnado repetidor (ANEXO III).

1.3. Criterios de Titulación.



C.P.I. JULIA BECERRA MALVAR

ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Artigo 10. Título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Para a avaliación destes criterios, a nivel de centro, se elabora documento, ANEXO III, a cumprimentar na sesión de avaliación final.

2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria) e matriculas de honra (ESO).

Educación Primaria: Mención Honorífica.

ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 5.

4. Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente. 5. A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación.

5. A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación.



C.P.I. JULIA BECERRA MALVAR

Educación Secundaria Obligatoria: Matrícula de Honra.

Artigo 12. Matrícula de honra

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen **unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.**

2.1. Criterios xerais.

Se unha vez celebradas as sesións de avaliación final existe algún empate entre os alumnos e as alumnas que optan á cualificación de “Mención Honorífica”/“Matrícula de Honra” e non se lles puidese outorgar devandita cualificación a todos eles, o profesorado de 6º Educación Primaria/4º de E.S.O. decidirá o alumnado ao que se lle concede esta “Matrícula de Honra” segundo os seguintes criterios que se aplicarán seguindo esta xerarquía:

- a) Maior nota media no expediente de 6º E.P./4º de E.S.O.
- b) Maior nota media no expediente de 5º E.P./3º de E.S.O.
- c) Maior nota media no expediente de 4º E.P./2º de E.S.O.
- d) Maior nota media no expediente de 3º E.P./1º de E.S.O.
- e) Criterios socioeconómicos da familia (familias monoparentais, membros da unidade familiar con discapacidade, ...). No caso de que persistise o empate, procederase ao sorteo público ao día seguinte hábil de celebrarse as sesións de avaliación final.

3. Aprobación e Publicidade.

3.1. Aprobación.

Procedemento para a aprobación da modificación da concreción curricular no curso 2021/22:

- Elaboración da proposta de modificación da Concreción Curricular polo Equipo Directivo en colaboración co Departamento de Orientación.
- Convocatoria de C.C.P. para a análise da proposta e recollida de aportacións dos Departamentos Didácticos e de Ciclo.



C.P.I. JULIA BECERRA MALVAR

- A proposta da C.C.P., elevación ao Claustro, da proposta de Concrección Curricular.
- Aprobación da Concrección Curricular por parte do Claustro, con data 07/04/2022.

3.2. Publicidade.

Procedemento de publicidade da modificación da concreción curricular e das programacións didácticas.

- Data publicidade na páxina web do centro: PENDENTE.
- Datas información ás familias/alumnado por parte dos titores/as a través de Abalar móvil: PENDENTE.